



CONCELLO DE
OLEIROS



Concello de
Oleiros

SAIDA
Nº de rexistro: 2013005568
Data: 04/06/2013 8:55:55

> ALCALDÍA

Estimado Sarmiento,

En resposta ao escrito, rexistrado co número 2013006285, no que propoñedes involucrar o Concello na creación de hortos urbanos, teño a ben expouer que:

Oleiros, porque así o decidiron os distintos gobernos que, desde o inicio da democracia, o xestionaron, é un lugar que conserva a esencia de concello cidade-xardín e no que, a maioría dos seus veciños, dispoñen de terras para o seu cultivo, ou para a creación dos hortos que mencionades. De feito, a gran parte dos asinantes do anexo ao voso escrito, atópanse nesta situación.

Considerades que sería unha alternativa de ocio e imaxino que saberedes que como tal a temos incluída na relación de actividades que o Concello desenvolve, desde hai anos, dentro do programa "OCIOLEIROS" cuxa finalidade é que os participantes adquiran coñecementos que poidan aplicar a posteriori, ben en terreos da súa propiedade ou alleos. Coincidimos convosco en afirmar que esta actividade persegue, ademais, o contacto coa terra e a relación entre a veciñanza.

Non comparto a vosa afirmación de que no municipio predominan os edificios de vivendas plurifamiliares, xa que as únicas localidades nas que se dá ese predominio son os núcleos urbanos de Perillo, e en menor medida, no de Santa Cruz.

É certo que existen moitas terras en desuso no conxunto do Concello, pero non están situadas nos lugares anteriormente mencionados, a non ser que queirades converter os parques públicos en terreos de labranza.

Por outra banda, non esquezaes que no transcurso do pleno, no que pretendíades tratar a moción de creación de hortos urbanos, informóusevos sobre as actividades que neste campo, tanto de xeito directo como indirectamente, leva a cabo o Concello. Un exemplo a destacar é o proxecto que estamos desenvolvendo a través do GDR "agroemplea", no que formamos a traballadores en situación de desemprego á vez que se lles facilita terreo de cultivo.

Participamos tamén na creación de cooperativas e de empresas xestionadas por particulares que apostan por un cultivo ecolóxico, para o que se está a xestionar un banco de terras, coa recolleita de iniciativas para fomentalo, non só como unha proposta de ocio, senón para facilitar a consecución de recursos propios. Este proxecto levaría parella a creación dun posto de venda permanente situado nunha das naves que o Concello posúe no polígono empresarial de Iñás.



CONCELLO DE
OLEIROS

> ALCALDÍA

Recomendámosvos que, se tedes moito interese porque alguén queira dispoñer de terreo para labrar, fagades as xestións entre a veciñanza propietaria, entre a que seguro se atoparán moitos dos vosos militantes, ao mellor tedes sorte e están dispostos a prestar o solo. Para a vosa información, iso foi o que fixemos eu e outros veciños, poñer a disposición do GDR terreos da nosa propiedade para este fin.

Tamén temos cursos de xardinería e viveirismo para desempregados que se desenvolven a través do Centro Municipal de Formación, no Pazo da Carballeira.

De todos os xeitos, quedamos abertos a que nos enviedes as iniciativas de hortos urbanos que se estean desenvolvendo noutros concellos gobernados polo BNG, para ver se podemos adaptalas á nosa realidade.

Alegramonos de coincidir en iniciativas desta natureza.

Atentamente



Ángel García Seoane
Alcalde de Oleiros

D. Manuel Sarmiento González
Voceiro de Grupo municipal do BNG